

ANEXO III

BAREMO DE SELECCIÓN

1. SITUACIÓN DE OCUPACIÓN DOS MEMBROS PARENTAIS:

1.1 Pai (ou titor)	7 puntos
1.2 Nai (ou titora)	7 puntos
1.3 Pai (ou titor) e nai (ou titora) con ocupación laboral simultánea	14 puntos
1.4 Pai/nai/titor/a que non está en situación de ocupación pero o estivo máis de 3 meses durante os últimos 12 meses e tamén é demandante de emprego	5 puntos

2. SITUACIÓN FAMILIAR:

2.1 Condición de familia numerosa	2 puntos
2.2 Pertenza a un colectivo de exclusión social, ou circunstancia familiar grave debidamente acreditada (nai solteira adolescente, proxenitor/a en prisión, situación de acollida, orde xudicial de afastamento)	2 puntos
2.3 Deficiencia, discapacidade, enfermidade ou minusvalía (a) ou (b): a) Por cada membro da unidade familiar con cualificación legal de minusvalía, igual ou superior a un 33%, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia b) Por cada membro da unidade familiar con cualificación legal de minusvalía igual ou superior a un 50%	2 puntos 3 puntos
2.4 Nai/pai/titor/a, solteiro/a, viúvo/a, separado/a ou divorciado/a, que en solitario/a atenda ás necesidades cotiáns do neno/a	8 puntos
2.5 Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parenterais	8 puntos
2.6 Por irmá/n con praza renovada no servizo	5 puntos

3. SITUACIÓN ECONÓMICA:

Exercicio a valorar: Efectuarase en base ao datos do exercicio fiscal máis recente que estea en disposición de ofrecer a AEAT á data establecida de presentación das preinscricións.

Renda per cápita (RPC): Ingresos da unidade familiar dividido entre o número de membros que a compoñen.

Unidade familiar: Estarase ao disposto no artigo 39.2 deste regulamento.

Ingresos:

- No caso de presentación IRPF por todos os membros maiores de idade da unidade familiar no exercicio que se estea a valorar, sumaranse os importes dos cadros “base imponible xeral” e “base imponible do aforro” de cada membro maior de idade da unidade familiar.
- No caso de que algún, dos membros maiores de idade da unidade familiar non tivera presentado declaración do IRPF no exercicio que se estea a valorar, sumarase os ingresos minorando os mesmos co total dos gastos de carácter deducible que figuren no certificado emitido pola AEAT.

Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.

Para a toma en consideración de outros supostos non establecidos neste anexo, será de aplicación o artigo 39 deste regulamento.

RENDA PER CÁPITA (RPC):

Igual ou inferior ao 25% do IPREM	5 puntos
Superior ao 25% e igual ou inferior ao 50%	2 puntos
Superior ao 50% e igual ou inferior ao 75% do IPREM	1 punto
Superior ao 75% e igual ou inferior ao 100% do IPREM	0 puntos
Superior ao 100% e igual ou inferior ao 150% do IPREM	-1 puntos
Superior ao 150% e igual ou inferior ao 200% do IPREM	-2 puntos
Superior ao 200% e igual ou inferior ao 250% do IPREM	3 puntos
Superior ao 250% do IPREM	-5 puntos

As distintas situacións valoraranse referidas á data de presentación da preinscrición. En caso de producirse cambios posteriores na situación de ocupación o demandante do servizo deberá solicitar a corrección da puntuación, a nova puntuación, se procede, terá efectos a partir do día da solicitude de revisión.

As solicitudes serán ordenadas pola puntuación acadada, tendo preferencia sempre os empadroados no Concello de Ames (unidade familiar), seguidos dos/as traballadores/as no termo municipal do Concello de Ames. A situación de empadramento deberá perdurar durante toda a duración da utilización do servizo.

En caso de empate as solicitudes ordenaranse en función da renda per cápita obtida, tendo preferencia as rendas inferiores ás superiores.

Entenderase por situación de ocupación: contratación laboral; formación académica presencial, pública ou privada; coidado de familiar por parentesco ou afinidade dependente ata terceiro grao, sempre que a persoa dependente conviva no domicilio do demandante do servizo; prisión; residencia no estranxeiro; outra circunstancia debidamente acreditada que impida ou limite a dispoñibilidade para a atención dun neno/a.

Anexo IV

(PERSONAS ETRANXERAS QUE NON DISPOÑAN DE CONVENIO REGULADOR DE MEDIDAS PATERNO FILIAIS).

DECLARACIÓN XURADA

D.D.^a..... Con DNI / NIE /
Pasaporte n.º, con residencia en.....
..... en calidade de nai/pai, titor/a de
....., nacido en

Para os efectos previstos no artigo 39.1.e do Regulamento da Rede Municipal de Comedores Escolares, Bos Días Cole e Tardes Divertidas do Concello de Ames

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Que o pai/nai do neno/a:

D./D.^a

Non efectúa achega ningunha para o seu sustento.

Efectúa unha achega de _____ € anuais no exercicio _____ para o seu sustento.

2.- Que non dispoño de convenio regulador de medidas paterno filias nin da documentación necesaria para a súa tramitación.

3.- Que o feito de que a documentación necesaria para regular as medidas paterno filiais que debo aportar para o trámite teña que vir doutro país traducida e legalizada, representa neste momento unha dificultade insalvable.

4.- Que me comprometo a comunicar calquera variación na situación declarada ao Departamento de Educación e Servizos Complementarios.

5.- Que teño coñecemento de que a falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso, á aplicación da tarifa máis alta, así como ás correspondentes sancións administrativas ou doutra índole que procedan.

O que asino en Ames, o dede 20...

Ames, 7 de xullo de 2023

O alcalde

José Blas García Piñeiro